

- 1989 *Ó outro lado do sumidoiro* Premio Merlín 1988
- 1990 *Melanio e os paxaros*
- 1992 "Un somnífero moi particular" (en *Contos da campaña*, 3)
- 1993 "O plumífero de Xurxo" (en *Tres triscadas*)
Os gatos de Venecia
- 1994 "Rosálfa tralas máscaras do tempo" (en *Contos da viaxe*)
- 1995 "Castelao no Mar do Tempo" (en *Contos da travesía*) / (Castelao -1997)
- 1996 "Paio gómez Chariño, ...a mui gran coita do mar" (en *Contos da ruta*) / (Paio G. Chariño -1997)
- 1997 *Ánxel Fole*
As porcas porquiñas
- 1998 Valdemuller Premio O Barco de Vapor 1997
O xenio do sultán
Caramelos Martín Codax
Rumbo á illa de San Simón
Xograr Cangas e Asociados
María está a pinta-lo mar
- 1999 "Oreilas de podengo" (en *Imos xuntos camiñar*)
- 2000 *Os ollos do tangaleirón* Premio O Barco de Vapor 1999
As cousas claras
A memoria das árbores
- 2001 *A caixa do tesouro*
O home máis rico do mundo
"Un agasallo inesperado" (en *Contos para levar no peto*)
- 2002 Premio Raíña Lupa con O armiño dorme, novela ambientada na Italia do século XVI.
- 2004 Premio Lazarillo por A noite da raíña Berenguela. Este galardón, é o máis antigo na literatura infantil e xuvenil española, desde o ano 1986 onvoca a [OEPLI](http://www.oepil.es).

PARA SABER MÁIS

- [fadamorgana](http://www.fadamorgana.es)
Revista Galega de Literatura Infantil e Xuvenil

PARA LER O PRINCIPIO DALGUNHA DAS OBRAS DE X. A. NEIRA CRUZ

- http://www.sole.com/bancorecursos/index_br.php?verSeccion=lecturas.php

OUTROS

- <http://www.ourizoazul.org/Creadores/Neira.htm>
- http://www.filix.org/libros/autores/autor_neira.html

**EXPOSICIÓN DE LIBROS DO AUTOR
NA BIBLIOTECA ESCOLAR DO INSTITUTO**
<http://centros.edu.xunta.es/iessanxenxo>

**COLABORAN AS BP DA REDE DO
CONCELLO DE SANXENXO**

BE

BOLETÍN INFORMATIVO NÚM. 1

MAIO 2006

ENCUNTROS CO AUTOR

Xosé Antonio Neira Cruz



NO IES DE SANXENXO

18 DE MAIO DE 2006




Xosé Antonio Neira Cruz

Xosé A. Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968), licenciado en Filoloxía italiana e doutor en Ciencias da Información (sección de xornalismo). Profesor da Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Santiago. Colaborador habitual da prensa, escribiu guións para diversas emisoras de radio e para a Televisión de Galicia. Foi redactor da revista Tempos e na actualidade dirixe a revista de literatura infantil e xuvenil Fadamorgana e a colección Ala Delta da editorial Edelvives. Publicou as seguintes obras: Ó outro lado do sumidoiro (Xerais 1989), Premio Merlín 1988; Melanio e os paxaros (1990); Os gatos de Venecia, (1993); O gato meu (1993); Vaiche boa (1994); As porcas porquiñas (1997); Valdemuller (1998), Premio Barco de Vapor 1998; **As cousas claras** (Xerais 2000), **Premio Merlín 2000**; A memoria das árbores (2000); A caixa do tesouro (2001); O home máis rico do mundo (2001); María está a pintar no mar (2001) e "Un agasallo inesperado", conto incluído en Contos para levar no peto (Xerais 2001). É tamén autor dos volumes da serie "Así viviu": Así viviu Rosalía (Xerais 1996); Así viviu Castelao (Xerais 1996); Así viviu Paio Gómez Charifio (Xerais 1997); Así viviu Ánxel Fole (Xerais 1996).

Para escribir ó autor xerais@anaya.es.

[» Enviar correo «](#)



En vinte e catro horas, a vida pode cambiar de rostro sen previo aviso. Pode pasar de parecer un lugar no que dá gusto estar, a converterse nunha paisaxe entoldada de ameazas e preocupacións. ¿Por qué Mon, o profesor máis popular do instituto, aparece inconsciente case morto, dun día para outro? Ninguén o pode explicar, e ninguén acredita na hipótese dun intento de suicidio. Coa axuda de Afonso, Marga será a encargada de empezar a tirar polo fío dunha historia na que a morte, a violencia, a falta de comunicación, a crueldade e a hipocresía só poden ser superadas con amor. *As cousas claras* de Xosé A. Neira Cruz mereceu o Premio Merlín de Literatura Infantil, fallado o pasado 24 de xuño de 2000 en Santiago de Compostela. O xurado de lectores apreciou nesta novela, de fasquía claramente xuvenil, unha grande axilidade no tratamento dun tema de actualidade, tanto no que atinxe á voz da narradora, en primeira persoa, como á construción duns diálogos cheos de frescura e orixinalidade. *As cousas claras*, ambientada nun instituto de ensino secundario, reconstrúe a indagación que fan un mozo e unha moza sobre o conflito no que se ve inmerso o seu profesor de literatura, sometido a unha inxusta campaña na súa contra polo tratamento que realiza da educación afectiva e sexual cos seus alumnos.

Premio Merlín de Literatura Infantil, 2000 - Premio lecturas Galix, 2002

**¡¡NON ESQUEZAS TRAER O LIBRO
PARA QUE O ASINE O ESCRITOR!!**